

CEIP Ramón de Valenzuela



PROXECTO DE PATIOS



José López Casal

Índice

- A. Explicación do proxecto (Páx. 2)
 - 1. Xustificación (Páx. 2)
 - 2. Destinatarios e requisitos (Páx.2)
 - 3. Breve explicación (Páx. 2)

- B. Desenvolvemento do proxecto (Páx. 3)
 - 1. Organización dos patios (Páx. 3)
 - 2. Novos recursos do patio (Páx. 5)
 - 3. Unidade Didáctica de patios (Páx. 6)
 - 4. Panel de patios (Páx. 7)
 - 5. Normas de funcionamento do proxecto de patios (Páx. 8)
 - 6. Consello de patios (Páx. 8)
 - 7. Resolución de conflitos (Páx. 9)

- C. Adaptación do proxecto do patio de Educación Infantil (Páx. 9)

- D. Proposta de calendario para o curso 2016/2017 (Páx.10)

- E. Avaliación do proxecto (Páx. 10)

- F. Bibliografía (Páx. 11)

A. Explicación inicial do proxecto.

1. Xustificación.

Ante as continuas queixas de parte do alumnado do centro sobre os espazos de xogos nos patios de recreo, precisamos na nosa escola dun proxecto que solucione os problemas que xorden nesas zonas, permita mellorar a convivencia, mellore a organización dos patios e dote ao alumnado de máis recursos de ocio, aprendizaxe e entretemento.

Ao meu entender o proxecto debe basearse en actividades cun perfil recreativo-deportivo, por ser estas de gran aceptación entre os nosos alumnos/as.

2. Destinatarios e requisitos.

O proxecto está destinado a dinamizar os recreos do alumnado de Educación Primaria do noso centro, non obstante tamén se realizará algunha proposta para Educación Infantil.

Será preciso cumprir os seguintes requisitos para abordar este proxecto:

- A implicación activa de todos/as os docentes do centro.
- A disposición horaria do mestre de Educación Física para a organización e desenvolvemento do proxecto.
- Facer unha inversión, no primeiro ano do proxecto, de aproximadamente 1000 euros para pintura e construción de espazos de xogos.
- Continuar destinando cada ano ano unha partida do orzamento do centro para mellorar o proxecto.

3. Breve explicación.

O proxecto de patios é un programa que pretende axudar a organizar os recreos, mantendo a autonomía e liberdade do alumnado nel.

De xeito xeral, os obxectivos do proxectos son:

- Mellorar a convivencia e a relación entre o alumnado do centro naqueles momentos nos que todo o conxunto do alumnado debe compartir lugares comúns.
- Mellorar a estética dos patios e dotalos de máis recursos.
- Solucionar os conflitos do recreo.
- Dar maior responsabilidade e participación ao alumnado, potenciando o desenvolvemento autónomo na realización das distintas actividades, sen a necesidade do permanente control do docente.
- Dar a coñecer novos xogos que sexan do agrado e interese de todo o alumnado.
- Desenvolver nos nosos alumnos/as o hábito, para utilizar de xeito creativo os momentos de ocio e tempo libre.

Para conseguir estes obxectivos o proxecto impulsará as seguintes actividades:

- Creación dun panel para organizar as zonas, grupos e xogos. Os xogos poderán ser “Xogos Libres” ou “Xogos Organizados”.
- Ensinanza de novos xogos, actividades e máis material á disposición do alumnado no patio.
- Posta en práctica, desde a área de Educación Física, dunha “Unidade Didáctica de Patios”, onde se traballarán todos os xogos e normas.
- Creación dun “Consello de Patios” formado polo mestre de Educación Física e dous “capitáns”/“capitás” de cada clase.

B. Desenvolvemento do proxecto

1. Organización dos patios.

1.1. Creación de zonas de xogo.

- Crearanse catro zonas de Xogo Organizado:

1. Fútbol (xogos co pé)
2. Tiros coa man (balonmán, pichi, brilé,....)
2. Lanzamentos a canastras

3. Deportes de raqueta e populares (Tenis de mesa, bádminton, petanca,...).

- Permitiranse espazos para Xogo Libre:

- Mariolas, chapas, peóns, rocódromo, discos,...

- Deixaranse espazos sen ningún xogo.

1.2. Distribución dos xogos.

O alumnado terá organizados catro días para Xogos Organizados e outro para Xogos Libres. Os nenos/as poderán elixir se fan Xogo Organizado ou non, pero se deciden que ese día non o realizan, non poderán ir a outro Xogo Organizado. Os Xogos Organizados só poden xogarse o día que toca.

Cando se observe que un neno/a tende sempre ao Xogo Libre hai que intentar motivalo para que participe nos Xogos Organizados o día que lle toque, podendo incluso prohibirlle que poida ir aos xogos libres o día que ao seu grupo lle toca un xogo concreto.

1.3. Rotacións e grupos.

A agrupación farase por aulas completas, agás no caso de primeiro e segundo que neste curso escolar irán xuntas.

Podemos facela dividindo as clases en dous grupos (neste curso 1º e 2º sempre se considerará coma un grupo só). Deste xeito poderemos facer distintos xeitos de agrupamento que enriquezan ao alumnado e fomenten as relacións interclase.

Exemplo:

Os martes o Grupo A de 3º xoga ao Fútbol co Grupo B de 6º. O Grupo B de 3º xoga libre e o Grupo A de 6º xoga a Tiro a canastras. *“Buscaríase que todos os grupos xoguen con todos, pero os maiores poderán acabar cansándose de ser os “coidadores” dos pequenos”.*

1.4. O profesorado que vixía o patio.

O profesorado deberá, como ata agora, velar pola seguridade do alumnado, pero terá que coñecer as zonas de xogo e as normas do proxecto para facer que se cumpran. É imprescindible que o mestre/a se involucre neste proxecto na aula e no patio, de xeito que o alumnado se motive, participe e se organice axeitadamente.

2. Novos recursos dos patios.

Unha parte fundamental do proxecto de patios é dotar a estes espazos de máis recursos, que aumenten a oferta de xogos e entretemento. Estes xogos poderán ser ofertados como Xogos Libres, Xogos Organizados ou existir como un recurso máis no patio.

Propóñense as seguintes iniciativas:

1. Pintar xogos no chan: circuítos de chapas, mariola, twister, diana,... para ser utilizados como Xogo Libre.

2. Crear novos espazos destinados a usos especiais.

- Rocódromo (parede da cociña)
- Campo de petanca (sen situar)
- Tenis de mesa (casa do conserxe)
- Bádminton (cortaventos onde se fan as filas)
- Espazo para escoitar música, ler, pintar, xogos de mesa... (casa do conserxe) independentemente de que tamén poidan usar a Biblioteca.

3. Dotar ao patio de material que pode collerse para utilizar libremente.

- Cordas e gomas
- Peóns
- Bólas e chapas
- Discos
- Malabares

- Zancos,...

4. Ensinanza de novos xogos para os patios.

- Xogos de persecución: stop, pita, polis e cacos,...

- Deportes alternativos: “Botebol”, “Pichi”,...

- Xogos Populares e Tradicionais: Petanca, bólas, chapas,...

- Xogos con material: Pégoche co balón e sentas, Os dez pases, Balón prisioneiro,...

5. Xogos predeportivos.

- Fútbol, Balonmán, Baloncesto,...

Os Xogos Organizados que se desenvolverán cada mes acordaranse no Consello de Patios e ensinaranse na Unidade Didáctica de “Xogos de Patio”.

3. Unidade Didáctica de Patios.

Esta Unidade Didáctica desenvolverase nas clases de Educación Física e contará con, aproximadamente, cinco sesións, que se irán intercalando na Programación da área segundo a demanda de xogos. Tratarase de ensinar ao alumnado os distintos xogos e os novos recursos cos que conta o patio, ademais ensinaranse as normas de funcionamento e elixiranse os capitáns e capitás de cada curso que formarán parte do “Consello de Patios”.

Explicarase cada xogo coas súas normas, as zonas onde se xogan e aclararanse todas as dúbidas e posibles problemas que poidan xurdir. A partires de aquí as dúbidas e problemas serán falados cos capitáns e capitás de patio.

Obxectivos da Unidade Didáctica:

- Que todo o alumnado aprenda a xogar aos Xogos Libres e Xogos Organizados, así como as súas normas e o material preciso.
- Que os alumnos/as sexan capaces de xogar sós.

- Que o alumnado entenda o papel e o funcionamento do proxecto de patios.
- Seleccionar a dous capitáns/capitás por clase que serán os encargados de coller o material e transmitir os posibles problemas.

4. Panel de patios.

Para organizar os xogos de patio e que cada alumno/a saiba que día ten dereito a Xogo Organizado ou que día pode optar a Xogo Libre, confeccionarase un panel explicativo que se instalará no corredor do ximnasio.

No panel figurarán ademais dos días da semana e o nivel educativo fotos dos distintos espazos e nomes dos xogos. O panel poderá cambiarse cada mes en función do acordado nas reunións do Consello de Patios. Para facilitar isto, confeccionarase con tarxetas plastificadas con “velcros” que permitan facer cambios na información.

A continuación amósase un exemplo da información que poderá levar o panel:

Día / Xogo	Fútbol	Balonmán	Basquet	Xogos Raqueta	Xogo Libre
Luns	6º	1º/2º	3º	4º	5º
Martes	5º	6º	1º/2º	3º	4º
Mércores	4º	5º	6º	1º/2º	3º
Xoves	3º	4º	5º	6º	1º/2º
Venres	1º/2º	3º	4º	5º	6º

(*) Este calendario de distribución está pensado para que o día que lle toque xoguen ao mesmo no recreo da mañá e no recreo da tarde e para un grupo clase. Se queremos dividir as clases e que o alumnado non xogue ao mesmo no recreo da mañá que no da tarde o panel terase que ir cambiando semanalmente.

5. Normas de funcionamento do proxecto de patios.

Propóñense as seguintes normas básicas de funcionamento:

- Os xogos rexeranse polo panel situado no corredor do ximnasio. Ninguén poderá tocar nin manipular o panel agás o mestre de Educación Física.
- Cada grupo ten dereito a xogar ao Xogo Organizado, pero non a obriga.
- Só os capitáns ou capitás poderán coller o material para o Xogo Organizado.
- Ningún alumno/a poderá participar en Xogos Organizados que non lle toquen no panel. Se esta norma se incumpre, o alumno/a estará unha semana sen xogar a ningún xogo.
- Os alumnos/as non poderán traer da casa material deportivo para xogar.
- O alumnado que non ten Xogo Organizado poderá coller o material que precise para o Xogo Libre, apuntándose nunha folla de rexistro.
- Os alumnos/as de sexto serán os encargados de levar o control e rexistro do material que se presta.
- O material de cada xogo será recollido polos distintos capitáns ou capitás e depositado no lugar correspondente. Os alumnos/as que colleron material para xogo libre terán que devolvelo para que os borren da folla de rexistro. O incumprimento desta norma supoñerá que non se lle preste material durante unha semana.
- As propostas de mellora para o proxecto serán levadas ao Consello de Patios polos capitáns/capitás de cada grupo.

6. O Consello de Patios.

O Consello de Patios estará formado polo mestre de Educación Física e dous capitáns ou capitás de cada grupo, elixidos democraticamente. Reuniranse a finais de cada mes no recreo do comedor escolar e seguindo un calendario previamente establecido.

A súa función será a de avaliar e modificar, se é o caso, o proxecto de patios.

O Consello poderá cambiar xogos, normas, material, etc. Trátase de que sexa o alumnado quen se preocupe de mellorar os recreos, dándolle así

responsabilidade e autonomía. Deste xeito asegurámonos de que o proxecto se vai renovando e adaptando aos intereses dos alumnos/as.

7. Resolución de conflitos.

Os mestres/as que vixían os patios serán os encargados de resolver os problemas que poidan xurdir durante a súa garda.

Nalgún caso pode ser preciso que o mestre/a que ten clase despois dos recreos trate o asunto, para evitar que este se converta nun problema, e consiga que se fagan propostas de mellora para levar ao Consello de Patios.

C. Adaptación do proxecto ao patio de Educación Infantil

Tendo en conta a idade do alumnado de Educación Infantil, non é preciso nin factible ofertar un sistema de organización nos seus patios.

Sen embargo, fanse algunhas propostas que poden axudar a mellorar e enriquecer os patios de infantil:

- Pintar xogos sinxelos no chan: mariolas, xogos de salto, liñas de equilibrio, circuítos,...
- Ter preparadas caixas con distinto material e que cada día se saque unha caixa distinta, buscando así que os nenos/as cambien de xogo: caixas de pelotas, caixas de cordas, caixas de aros, ...
- “Día de visita dos maiores”. Alumnado voluntario de sexto ou doutros niveis visita o patio con diverso material e fai xogos con eles.
- Facer un patio por recunchos. En cada recuncho uns xogos.
- Dotar de máis recursos ao patio. Recuperar algún dos que xa hai e que están almacenados.
- Arranxar o areeiro. Reducir o espazo do mesmo aproveitando a area que hai e construír no resto un circuítos de equilibrio con rodas, toras de árbores,...

D. Proposta de calendario para o curso 2016/2017

Febreiro:

- Presentación do proxecto ao Claustro.

Marzo

- Primeira semana: presentación do proxecto ao alumnado.
- Segunda semana: reunión do Consello de Patios e comezo do traballo coa Unidade Didáctica de Patios.
- Terceira/cuarta semana: comezo do proxecto

Abril

- Xoves día 6 reunión do Consello de Patios.

Maio

- Xoves 25 reunión do Consello de Patios.

Xuño

- Non está prevista ningunha reunión ao non haber clases pola tarde.

E. Avaliación do proxecto

O proxecto será avaliado mensualmente polo alumnado e polo profesorado. Polo alumnado nas reunións do Consello de Patios e polo profesorado nas reunións de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Cos datos aportados polos docentes e o alumnado valoraremos o éxito do proxecto, as posibles modificacións, ...

F. Bibliografía

Na redacción deste proxecto tivéronse en conta as directrices da Rede Internacional de Educación , expostas no microproxecto ***Renueva tu escuela!***, elaborado por Sergio Carneros.

Bandeira, febreiro 2017